

## INSTRUCCIÓN SOBRE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DOS PROGRAMAS BENOURENSE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

### PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE TÉCNICOS

### PROGRAMA DE COOPERACIÓN PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO.

### PROGRAMA BENOURENSE INFANCIA (Puntos de atención á Infancia PAI e Servizos complementarios)

Nas bases reguladoras dos anteditos Programas, recóllese como obriga das entidades subvencionadas á de *“Identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. (...)”*

A tales efectos teranse en consideración e serán de obrigado cumprimento o disposto nestas Instrucións:

**PRIMEIRA.-** Nos centros/concellos/sedes onde se desenvolvan actuacións e/o traballen os profesionais subvencionados polos programas BenOurense SAF básico, BenOurense Técnicos e/o BenOurense Infancia deberase colocar un cartel identificativo, nun lugar de acceso ó público, exterior e con suficiente visibilidade no que se faga constar o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

### O MODELO DE CARTEL ESTA SUBIDO Á WEB

**SEGUNDA.-** Calquera documento relativo e/ou vinculado coas actuacións ou profesionais subvencionados con cargo ó programa BenOurense Técnicos, BenOurense SAF e/ou BenOurense Infancia, incluído comunicación escritas ós/ás beneficiarios/as ou calquera outro análogo levarán de forma visible a constancia do cofinanciamento da Deputación de Ourense, programa BenOurense.

No caso de que, con motivo dalgunha das actividades e/ou participación dalgúns dos técnicos subvencionados polo programa BenOurense Técnicos, BenOurense SAF e BenOurense Infancia se realicen certificados de asistencia, diplomas acreditativos, premios ou calquera outra clase de recoñecemento impreso, deberán de contar co logo oficial da Deputación de Ourense, programa BenOurense, nun lugar visible e con un tamaño proporcionado ó resto dos logos que nel se reseñen.

**TERCEIRA.-** En caso de que a información se realice de forma electrónica (páxina web, comunicación por mail e outros), e/ou material audiovisual (publicidade en radio, presentación públicas etc) aplicarase, por analoxía, o antedito en relación a carteis e/ou publicacións físicas.